

tancia, que se deberá expedir de forma inmediata. A falta de emisión do certificado acreditada polo dito documento terá eficacia fronte ao pagador (comitente) e determinará a exoneración de responsabilidade para o mencionado pagador, que figure na solicitude de certificado efectuada polo contratista ou subcontratista, que alcanzará o importe dos pagamentos que se realicen durante o período de doce meses contados desde a referida solicitude.

#### IV

En relación coas persoas ou entidades que inicien unha actividade económica, respecto das cales non existe unha posibilidade efectiva de comprobación por parte da Administración tributaria do seu estado de cumprimento no que se refire á obriga principal definida na Lei xeral tributaria, a emisión do certificado específico fundamentarase na comprobación do cumprimento das obrigas tributarias formais inherentes á súa creación e constitución.

Madrid, 16 de xullo de 2004.—O director xeral, José Manuel de Bunes Ibarra.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**13414** *REAL DECRETO 1597/2004, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables á posta no mercado de animais e produtos da acuicultura. («BOE» 173, do 19-7-2004.)*

O Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables á posta no mercado de animais e produtos da acuicultura, incorpora ao noso ordenamento a Directiva 91/67/CEE do Consello, do 28 de xaneiro de 1991, que establece os requisitos sanitarios aplicables ao comercio de animais e produtos da acuicultura, modificada pola Directiva 93/54/CEE do Consello, do 24 de xuño de 1993. A Decisión 93/22/CEE da Comisión, do 11 de decembro de 1993, que define os modelos de documentos de transporte que establece o artigo 14 da Directiva 91/67/CEE, foi incorporada no anexo F do Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro.

A Decisión 2003/390/CE da Comisión, do 23 de maio de 2003, pola que se establecen condicións específicas para a posta no mercado de especies de animais de acuicultura consideradas inmunes a certas enfermidades, así como os seus produtos, derroga a Decisión 93/22/CEE. Iso fai preciso modificar, en tal sentido, o anexo F e darlle nova redacción ao artigo 15 do Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, para a necesaria seguridade xurídica, e sen prexuízo da plena aplicación e efecto directo da mencionada decisión.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Polo tanto, cómpre ditar este real decreto de acordo co artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e tendo en conta a habilitación contida nos números 1 e 2 do artigo 40 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xullo de 2004,

#### DISPONGO:

*Artigo único. Modificación do Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables á posta no mercado de animais e produtos da acuicultura.*

O Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables á posta no mercado de animais e produtos da acuicultura, modifícase nos seguintes termos:

Un. Os números 1, 2 e 3 do artigo 15 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Sen prexuízo dos requisitos relativos ás enfermidades contempladas na lista III da columna 1 do anexo A, fixados conforme o procedemento establecido nos artigos 13 e 14, para a posta no mercado de peixes de cría vivos non pertencentes ás especies sensibles que figuran na lista II da columna 2 do anexo A, estarán sometidos aos requisitos adicionais seguintes:

a) Se están destinados a seren introducidos nunha zona autorizada, deberán ir acompañados, conforme o disposto no artigo 12, dun documento de transporte que se axuste ao modelo establecido no capítulo 1 do anexo F, atendendo ás notas explicativas do capítulo 2 do citado anexo, en que se certifique que proceden dunha zona co mesmo estatuto sanitario, dunha explotación autorizada situada nunha zona non autorizada, ou de calquera explotación situada nunha zona non autorizada, sempre que non conteña peixes pertencentes ás especies sensibles recollidas na lista II da columna 2 do anexo A e non estea unida a un curso de auga, nin a augas litorais ou de esteiro.

Non obstante, poderase solicitar, consonte o procedemento comunitario establecido, unha excepción do parágrafo precedente, en particular con vistas a prohibir a introdución nunha zona autorizada dos peixes a que se refire este punto, orixinais dunha explotación autorizada situada nunha zona non autorizada, ou de calquera explotación situada nunha zona non autorizada, sempre que non conteña peixes pertencentes ás especies sensibles recollidas na lista II da columna 2 do anexo A e que non estea unida a cursos de auga nin a augas litorais ou de esteiro.

b) Se están destinados a seren introducidos nunha explotación que, aínda que se encontre situada nunha zona non autorizada, cumpre as condicións mencionadas no anexo C, deberán ir acompañados, conforme o disposto no artigo 12, dun documento de transporte que se axuste ao modelo establecido no capítulo 1 do anexo F, atendendo ás notas explicativas do capítulo 2 do citado anexo, en que se certifique que proceden dunha zona autorizada, dunha explotación autorizada situada nunha zona non autorizada, ou de calquera explotación situada nunha zona non autorizada, sempre que non conteña peixes pertencentes ás especies sensibles recollidas na lista II da columna 2 do anexo

A e non estea unida a un curso de auga, nin a augas litorais ou de esteiro.

2. Os requisitos contidos no punto 1 aplicaranse á posta no mercado dos moluscos de acuicultura non pertencentes ás especies sensibles que figuran na lista II da columna 2 do anexo A.

3. Sen prexuízo dos requisitos relativos ás enfermidades recollidas na lista III da columna 1 do anexo A, fixados conforme os artigos 13 e 14, a posta no mercado de especies silvestres de peixes, moluscos ou crustáceos vivos non pertencentes ás especies sensibles que figuran na lista II da columna 2 do anexo A, os seus ovos ou gametos, estará sometida aos requisitos adicionais seguintes:

a) Se están destinados a seren introducidos nunha zona autorizada, deberán ir acompañados, consonte o establecido no artigo 12, dun documento de transporte que se axuste ao modelo establecido no capítulo 1 do anexo F, atendendo ás notas explicativas do capítulo 2 do citado anexo, en que se certifique que proceden dunha zona co mesmo estatuto sanitario.

b) Se están destinados a seren introducidos nunha explotación que, aínda que se encontre situada nunha zona non autorizada, cumpra as condicións mencionadas no anexo C, deberán ir acompañados, consonte o establecido no artigo 12, dun documento de transporte que se axuste ao modelo establecido no capítulo 1 do anexo F, atendendo ás notas explicativas do capítulo 2 do citado anexo,

en que se certifique que proceden dunha zona autorizada.

c) Cando se pesquen no mar alto e se destinen á reprodución en zonas e explotacións autorizadas, os ditos animais serán postos en corentena baixo control do servizo oficial, nas instalacións e condicións adecuadas determinadas segundo o procedemento comunitario previsto.»

Dous. O anexo F substitúese polo que figura como anexo deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao de su publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## ANEXO

## "ANEXO F

## Modelos de documentos de transporte

## Capítulo 1

Documento de transporte para a posta non mercado de peixes, <sup>(1)</sup> moluscos <sup>(1)</sup> e <sup>(1)</sup> crustáceos <sup>(1)</sup> vivos non pertencentes ás especies sensibles mencionadas na lista II da columna 2 do anexo A do Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, e dos seus ovos e gametos, <sup>(1)</sup> con vistas á súa cría, reprodución, desenvolvemento posterior, engorda ou reinstalación en zonas e explotacións autorizadas no nivel comunitario, ou nas cales se aplique un programa aprobado no nivel comunitario, en relación coa *Bonamia ostreae* <sup>(1)</sup> e <sup>(1)</sup> a *Marteilia refringens* <sup>(1)</sup> e <sup>(1)</sup> [a septicemia hemorráxica viral (SHV) <sup>(1)</sup> e <sup>(1)</sup> [a necrose hematopóetica infecciosa (NHI) <sup>(1)</sup>

N.º de código de referencia

ORIXINAL

<b>1. Lugar de orixe da remesa</b> 1.1. Estado membro de orixe: ..... ..... 1.2. Nome da explotación de orixe <sup>(1)</sup> : ..... ..... 1.3. Enderezo ou localización da explotación: ..... ..... 1.4. Lugar da recolección <sup>(2)</sup> : ..... ..... 1.5. Nome, enderezo e número de teléfono do remitente: ..... ..... ..... .....		<b>2. Destino da remesa</b> 2.1. Estado membro: ..... ..... 2.2. Zona ou parte <sup>(3)</sup> , <sup>(4)</sup> do Estado membro: ..... ..... 2.3. Nome da explotación <sup>(1)</sup> de destino: ..... ..... 2.4. Enderezo ou localización da explotación: ..... ..... 2.5. Lugar de destino <sup>(5)</sup> : ..... ..... 2.6. Nome, enderezo e número de teléfono do destinatario: ..... ..... .....		
<b>3. Medio de transporte e identificación da remesa <sup>(6)</sup></b> 3.1. Camión <sup>(1)</sup> , vagón ferroviario <sup>(1)</sup> , buque <sup>(1)</sup> , aeronave <sup>(1)</sup> : ..... 3.2. Número (s) de matrícula <sup>(1)</sup> , nome do buque <sup>(1)</sup> , número de voo <sup>(1)</sup> : ..... 3.3. Datos de identificación da remesa: .....				
<b>4. Descrición da remesa</b> <input type="checkbox"/> Peixes <input type="checkbox"/> Moluscos <input type="checkbox"/> Crustáceos				
<input type="checkbox"/> De criadouro <input type="checkbox"/> Silvestres <input type="checkbox"/> Animais vivos <input type="checkbox"/> Gametos <input type="checkbox"/> Ovos fecundados <input type="checkbox"/> Ovos sen fecundar <input type="checkbox"/> Larvas/crías				
Especie(s)		Peso total da remesa  Número de peixes <sup>(1)</sup> moluscos <sup>(1)</sup> crustáceos <sup>(1)</sup>	Volume dos ovos <sup>(1)</sup> gametos <sup>(1)</sup>	Idade dos animais vivos  <input type="checkbox"/> 24 meses <input type="checkbox"/> 12-24 meses <input type="checkbox"/> 0-11 meses <input type="checkbox"/> Descoñecida
Nome científico:	Nome común:			

**5. Certificación sanitaria.**


O abaixo asinante certifica que os peixes<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> moluscos<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> crustáceos<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> ovos<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> gametos<sup>(1)</sup> que constitúen a presente remesa non pertencen a ningunha das especies sensibles mencionadas na lista II da columna 2 do anexo A do Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, e:

- 5.1. Ben <sup>(1)</sup> proceden da seguinte zona: .....<sup>(3)</sup>,  
autorizada non que respecta: á bonamiose (*Bonamia ostreae*)<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> á marteiliose (*Marteilia refringens*)<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> á septicemia hemorráxica viral<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> á necrose hematopoética infecciosa<sup>(1)</sup>, conforme a Decisión .....<sup>(4)</sup>; e
- ou <sup>(1)</sup> proceden da seguinte explotación: .....<sup>(7)</sup>,  
autorizada no que respecta: á bonamiose (*Bonamia ostreae*)<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> á marteiliose (*Marteilia refringens*)<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> á septicemia hemorráxica viral<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> á necrose hematopoética infecciosa<sup>(1)</sup>, conforme a Decisión .....<sup>(4)</sup>; e
- ou <sup>(1)</sup> proceden da seguinte explotación: .....<sup>(7)</sup>,  
na cal non se encontran peixes<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> moluscos<sup>(1)</sup> e<sup>(1)</sup> crustáceos<sup>(1)</sup> pertencentes ás especies sensibles mencionadas na lista II da columna 2 do anexo A do Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, e que non está conectada cun curso de auga, un esteiro ou augas costeiras; e
- ou <sup>(1)</sup> pertencen ás especies indicadas non anexo III da Decisión 2003/390/CE<sup>(8)</sup>; e

## 5.2. Cumpren os requisitos seguintes:

- a) Desde a data en que foron recollidos<sup>(1)</sup> capturados<sup>(1)</sup>, non estiveron en contacto con outros animais acuáticos vivos, ovos ou gametos de cualificación sanitaria inferior ou pertencentes a especies non enumeradas no anexo III da Decisión 2003/390/CE<sup>(8)</sup>.
- b) Non están destinados a seren destruídos ou sacrificados co obxecto de erradicar algunha das enfermidades enumeradas na columna 1 do anexo A do Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, o no anexo I do Real decreto 1043/1997, do 27 de xuño, o debido a unha mortalidade anormal causada por calquera outro axente patóxeno<sup>(9)</sup>.
- c) Non proceden dunha explotación suxeita a prohibicións por motivos zosanitarios.
- d) Foron examinados o día da carga e non presentan signos clínicos de enfermidade, incluída calquera mortalidade anormal<sup>(9)</sup>.
- e) Realizouse unha verificación visual de polo menos 1000 moluscos seleccionados de forma aleatoria entre os que compoñen a remesa<sup>(9)</sup>,<sup>(10)</sup>, unha parte representativa, seleccionada de forma aleatoria, da remesa<sup>(11)</sup>, incluídas todas as partes de orixe diferente, sen que se detectase a presenza de especies distintas das especificadas no punto 4 do presente certificado.
- f) Están colocados en auga<sup>(1)</sup> sobre xeo<sup>(1)</sup> dunha calidade non susceptible de alterar a súa situación sanitaria.
- g) Foron introducidos en contedores limpos, estancos e precintados que foran desinfectados de antemán cun desinfectante autorizado e que levan no seu exterior unha etiqueta lexible<sup>(1)</sup> unha embarcación viveiro en que tanto o viveiro como os seus sistemas de condución e bombeo foron desinfectados de antemán cun desinfectante autorizado e que vai xunto cun manifesto<sup>(1)</sup> cos datos pertinentes<sup>(12)</sup> sinalados nos puntos 1 e 2 do presente certificado e a identificación seguinte:

[ [Peixes]<sup>(1)</sup> [e]<sup>(1)</sup> [moluscos]<sup>(1)</sup> [e]<sup>(1)</sup> [crustáceos]<sup>(1)</sup> vivos]<sup>(1)</sup> [Ovos de [peixes]<sup>(1)</sup> [e]<sup>(1)</sup> [moluscos]<sup>(1)</sup> [e]<sup>(1)</sup> [crustáceos]<sup>(1)</sup> [e]<sup>(1)</sup> [Gametos de [peixes]<sup>(1)</sup> [e]<sup>(1)</sup> [moluscos]<sup>(1)</sup> [e]<sup>(1)</sup> [crustáceos]<sup>(1)</sup> non pertencentes ás especies sensibles indicadas na lista II da columna 2 do anexo A do Real decreto 1882/1994, autorizados para a súa posta no mercado na Comunidade, incluídas as zonas e explotacións autorizadas a nivel comunitario, ou nas cales se aplique un programa aprobado a nivel comunitario, en relación con [ a *Bonamia ostreae*]<sup>(1)</sup> [e]<sup>(1)</sup> [a *Marteilia refringens*]<sup>(1)</sup> [e]<sup>(1)</sup> [septicemia hemorráxica viral]<sup>(1)</sup> [e]<sup>(1)</sup> [a necrose hematopoética infecciosa]<sup>(1)</sup>.

Expedido	en:	a
..... (Lugar)		..... (Data)
		..... (Sinatura do inspector oficial)
		..... (Nome en maiúsculas, titulación e cargo)

*Notas*

- (1) Rísquese o que non proceda.
  - (2) Especificúese en caso de que non coincida co lugar de orixe.
  - (3) Descrición da zona.
  - (4) Indicar as referencias da decisión da comisión en que se basea a autorización.
  - (5) Especificúese en caso de que non coincida coa explotación de destino.
  - (6) Indicarase, segundo proceda, o número ou números de matrícula do vagón ou camión ou o nome do buque. Se se trata dunha aeronave, especificarase, en caso de se coñecer, o número do voo. Cando o transporte se efectúe en contedores ou caixas, indicaranse no punto 3.3 o seu número total e os seus números de rexistro e precinto, se hai lugar.
  - (7) Nome e enderezo da explotación.
  - (8) DO L 135 do 3.6.2003, p 19.
  - (9) Aplicable se a remesa está constituída por moluscos; rísquese se non procede.
  - (10) Se a remesa contén menos de 1000 moluscos bivalvos, deberanse verificar visualmente todos os moluscos.
  - (11) Aplicable se a remesa está constituída por peixes e/ou crustáceos; rísquese se non procede.
  - (12) Estado membro e zona (se procede) de orixe e de destino; nome e número de teléfono do remitente e do destinatario.
- 

## Capítulo 2

*Notas explicativas sobre os documentos de transporte e a etiquetaxe*

- a) Os documentos de transporte serán expedidos polas autoridades competentes do Estado membro de orixe, a partir do modelo que figura no capítulo 1 deste anexo, atendendo ás especies que compoñen a remesa e á cualificación do lugar de destino.
- b) O orixinal de cada documento de transporte constará dunha soa folla impresa polas dúas caras ou, cando se requira máis dunha folla, estará constituído de tal modo que todas as follas formen un conxunto integral e indivisible.  
Na parte superior dereita de cada páxina figurará a mención “orixinal”, así como un número de código específico atribuído pola autoridade competente. Todas as páxinas do documento de transporte irán numeradas do seguinte modo: (número de páxina) de (número total de páxinas).
- c) O orixinal do documento de transporte e as etiquetas mencionadas no modelo de documento de transporte estarán redactadas nunha lingua oficial, como mínimo, do Estado membro de destino. Non obstante, os Estados membros poderán autorizar o uso doutras linguas, se é o caso, acompañadas dunha tradución oficial.
- d) O orixinal do documento de transporte deberase cubrir na data de carga da remesa e irá estampado cun selo oficial e asinado por un inspector oficial designado pola autoridade competente. Neste proceso, a autoridade competente do Estado membro de orixe asegurase de que se apliquen os principios de certificación equivalentes aos establecidos no Real decreto 556/1998, do 2 de abril, polo que se establecen as normas para expedir a certificación de animais e produtos animais exixida pola normativa veterinaria, que incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 96/93/CE do Consello (DO L 13 do 16.1.1997, p. 28).  
O selo, salvo se é en relevo, e a sinatura serán dunha cor distinta da da letra impresa.
- e) Se, para efectos da identificación dos elementos que compoñen a remesa, se lle xuntan ao documento de transporte follas adicionais, estas consideraranse parte integrante do orixinal e cada páxina irá selada e asinada polo inspector oficial responsable da certificación.
- f) A remesa irá acompañada do orixinal do documento de transporte ata chegar ao lugar de destino.
- g) O documento de transporte terá un período de validez de 10 días a partir da data de emisión. En caso de transporte por barco, o período de validez prorrogarase polo tempo de permanencia a bordo.
- h) Os animais acuáticos ou os seus ovos e gametos non se transportarán conxuntamente con outros animais acuáticos, ou cos ovos e gametos doutros animais acuáticos, de cualificación sanitaria inferior. Por outra parte, non se deberán transportar en condicións tales que poidan alterar a súa cualificación sanitaria.